

Acta da Comisión Permanente do día 31 de xaneiro de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 31/01/2018.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 31/01/2018.
- III. Solicitudes de informe de actividade docente.

Ábrese a sesión ás 13 horas, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2017.

Sométese a votación a aprobación da acta da sesión anterior, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 1 (Don Alfonso Mandado Vázquez)

Con este resultado, a Comisión Permanente aproba, por maioría, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2017.

Incorpóranse á reunión Don Miguel Muíño Argüelles e Dona Teresa Rivas Brea.

2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.

Ao non haber ningunha solicitude pendente de resolución, pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos de Traballo Fin de Grao.

A Dirección propón que a aprobación dos títulos de TFG sexa delegada no coordinador do Grao correspondente, xa que antes da defensa de dito TFG tense que someter a aprobación o tribunal que o xulgará e se entende polo tanto que a Comisión avala, nese momento, o título do TFG que se vai defender.

A Comisión aproba, por asentimento, dita proposta, polo que a partir de agora as solicitudes de título de TFG levarán o visto e prace do coordinador para que na Secretaría de Alumnos poidan vincular ao alumno correspondente co seu titor e poida facer o trámite de “solicitude de defensa” cando o estime oportuno.

4. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que vulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, o nomeamento do tribunal que de seguido se especifica para cada un dos TFG que se relacionan e que corresponden ao Grao en Enxeñaría da Enerxía e se van defender o venres, 9 de febreiro, na Aula de Grao deste centro:

HORA	NOME	TÍTULO TFG	TRIBUNAL
10:00	Saavedra Ares, Javier	Análise ambiental dun edificio monumental en Santiago de Compostela	Presidente: DAVID PATIÑO VILAS Secretario: JOAQUÍN MARTÍNEZ SÁNCHEZ Vogal: JOSE MANUEL SANTOS NAVARRO
10:30	Saso Barros, Carlos	Simulación do deseño e dimensionamento dun sistema de captación xeotérmico mediante bomba de calor nunha escola de educación infantil.	
11:00	Padín Beltrán, Marta	Aplicación de datos LiDAR na elaboración de estudos de sostenibilidade enerxética en cidades: análise de potencial para instalacións de enerxía fotovoltaica	
11:30	Pérez Rivas, Andrea	Aplicación de datos LiDAR para a realización de estudos de sustentabilidade urbana	
12:00	Rey Figueiras, Marta	Análise ambiental de edificios universitarios do Campus Universitario de Vigo	

5. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...

Ao non haber ningunha solicitude pendente de resolución, pásase ao seguinte punto na orde do día.

6. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.

A Comisión acorda, por asentimento, informar favorablemente, para o recoñecemento de quinquenios, a docencia dos seguintes profesores, no período que se indica:

- Don Gustavo Peláez Lourido, no período que abrangue do 01-10-2012 ao 30-09-2017.
- Don Paulino Alegre Fidalgo, no período que abrangue do 29-01-1993 ao 30-09-1993.

Achéganse no anexo III as solicitudes presentadas.

7. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2017/2018.

A Comisión acorda, por asentimento, aprobar o seguinte calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para este segundo cuadrimestre:

<i>Nº Ref.</i>	<i>Materia</i>	<i>Titulación</i>	<i>Destino</i>	<i>Nº alumnos</i>	<i>Data prevista</i>
1.	Titulación Master en Enxeñaría de Minas – Viaxe de estudos	Master en Enxeñaría de Minas	Vigo, Ponferrada, Salamanca, Sevilla, Huelva, Braga, Vigo	20	...-...-2018
2.	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao ERME	Por determinar	18	...-02-2018
3.	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao ERME	Por determinar	18	...-02-2018
4.	Titulacións Grao ERME + Grao EE	Grao ERME	Cerceda	50	02-02-2018
5.	Enxeñaría de explosivos	Master en Enxeñaría de Minas	Corredor do Morrazo	20	27-02-2018
6.	Enxeñaría de minerais e materiais	Master en Enxeñaría de Minas	A Coruña + Padrón	20	...-03-2018
7.	Explotación sostible de recursos mineiros + Enxeñaría mineira	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Rubián	30	18-03-2018
8.	Ensaio e control de calidade	Grao ERME	O Porriño		...-04-2018
9.	Control de calidade de materiais	Grao ERME	O Porriño	8	...-04-2018
10.	Enxeñaría de explosivos	Master en Enxeñaría de Minas	Pontevedra	30	...-04-2018
11.	Enxeñaría de explosivos	Master en Enxeñaría de Mina	Berducido (Pontevedra)	20	03-04-2018
12.	Rochas industriais e ornamentais	Grao ERME	Vigo (Zona portuaria)	10	04-04-2018
13.	Rochas industriais e ornamentais	Grao ERME	Touro (A Coruña)	10	05-04-2018
14.	Xestión de obras e replanteos	Grao ERME	Por determinar	20	09-04-2018
15.	Sondaxes, petróleo e gas	Grao ERME	A Coruña	10	10-04-2018
16.	Enxeñaría da auga	Master en Enxeñaría de Minas	Nigrán - Baiona	18	17-04-2018
17.	Rochas industriais e ornamentais + Loxística e servizos mineiros + Enxeñaría dos minerais e materiais + Enxeñaría de explosivos	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	O Porriño	33	18-04-2018
18.	Titulacións Grao ERME + Grao EE	Grao ERME	As Pontes	50	20-04-2018
19.	Xeoloxía	Grao ERME + Grao EE	Arredores do Campus	90	04-05-2018
20.	Enxeñaría mineira	Master en Enxeñaría de Minas	Ribera del Folgado (León)	17	26-04-2018

8. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 12 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, trinta e un de xaneiro de dous mil dezaoitto.

Vº e prace
A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 31/01/2018



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 31/01/2018

Asistentes á Comisión Permanente do 31 de xaneiro de 2018
Presidenta da Comisión
Natalia Caparrini Marín
Secretaria da Comisión
Ángeles Saavedra González
Subdirector/a
David Patiño Vilas
Profesorado
Elena González Rodríguez
Carmen Pérez Pérez
Fernando García Bastante
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Nuria Antonio Fontán
Carmen Filgueira Sánchez
Andrés Iglesias Canabal
Miguel Muiño Argüelles



ANEXO III

Solicitudes de informe de actividade docente